



NOTA DE PRENSA

O Concello de Boiro e os veciños inaugurarán o día de San Xoán as obras de acondicionamento do lugar de Moimenta

Boiro, 18 de xuño de 2010. O Concello de Boiro e os veciños inaugurarán o vindeiro xoves día 24 de xuño, San Xoán, as obras de acondicionamento realizadas no lugar de Moimenta, na parroquia de San Xoán de Macenda. O acto, presidido polo Alcalde de Boiro, Xosé Deira Triñanes, comezará ás 21.00 horas, e está convidada a corporación municipal e os veciños que desexen asistir.

A obra, denominada “Acondicionamento e mellora dun tramo de camiño veciñal no núcleo rural de Moimenta”, foi incluída no Fondo Estatal de Inversión Local e o Fondo Especial para a Dinamización da Economía e o Emprego, do Goberno central. As actuacións foron aprobadas en Consello de Ministros a proposta da Conferencia Sectorial da Vivenda, e todas estaban incluídas nas actuacións que a Xunta de Galicia achegou ao Ministerio de Vivenda. Isto foi posible grazas á proposta da ex Directora Xeral Encarna Otero Cepeda, quen incluíu esta obra na proposta que a Xunta fixo ao Ministerio.

O Alcalde de Boiro, Xosé Deira Triñanes, e o Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández, asinaron o protocolo de actuación en xullo de 2009.



Moimenta ten una estrutura eminentemente rural, tanto no social como no territorial. Con herdanzas do mundo agrogandeiro de mediados do século XX e que se van mudando coa transformación económica do país, alá polo 1990, aínda que no desenrolo urbanístico foron introducidos elementos foráneos e que distorsionaron a tipoloxía do lugar; polos usos e polo solo lindante está perfectamente enmarcado dentro dos parámetros de núcleo rural.

Esta aldea encaixa perfectamente nese concepto de núcleos a resgardar da especulación urbanística con instrumentos de planificación e recuperación edificativa e socioeconómica.

Coma tódolos núcleos, sufriu unha transformación e engadidos novos, aparecidos a partires do cemento e que contribuíron, en ocasións, a reducir o tradicional, dando paso a formas e estruturas de material moderno, ás veces sen gusto e que agriden as formas tradicionais.

O goberno de Boiro entende que Moimenta ofrece un núcleo antigo que debe ser recuperado para devolverlle a identidade do tradicional. Todo, no seu conxunto, debe ser obxecto dunha atención importante: os muros, así como formas, volumes e por suposto os rúeiros tradicionais, que nesta aldea seguen a amosar o tradicional.

Por iso as actuacións levadas a cabo por este goberno neste núcleo, que pretendemos fose a avanzadilla para outras actuacións noutros núcleos.

Primeiro foi a recuperación da praza e do Centro Social, sempre en colaboración cos veciños, que achegaron o seu aporte económico, e agora o proxecto referido, “ *Acondicionamento e mellora dun tramo do camiño veciñal no núcleo rural de Moimenta en san Xoán de Macenda*”

Características da obra

Importe do proxecto: 293.438, 53€.

Material empregado: Pedra

Outras actuacións que completaron a obra:

- Alumeado novo, soterrando todo tipo de cableado que tiña un compoñente importante na contaminación visual.
- Reposición das canalizacións de pluviais a fecais.
- Restauración e rehabilitación do lavadoiro substituindo os elementos de cemento por pedra.
- Retirada de cableado aéreo.

Na rehabilitación é evidente que os materiais a empregar non foron outros que os tradicionais

Realidade humanizada:

- Hai 92 edificacións $\left\{ \begin{array}{l} 26 \text{ son vivendas } \left\{ \begin{array}{l} 16 \text{ habitadas} \\ 10 \text{ deshabitadas.} \end{array} \right. \\ 6 \text{ alpendres, hórreos....} \\ 30\% \text{ do total de edificacións en mal estado} \end{array} \right.$
(Vivendas unifamiliares)

- 51 habitantes / residentes.